

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CAMPAMENTO NADAL 2025

EXPEDIENTE: 2025/S012/000003

ANTECEDENTES:

Tendo previsto poñer en marcha a actividade de conciliación Campamento de Nadal 2025, dentro do programa municipal para a conciliación da vida familiar e laboral Corcubión Concilia. Tendo en conta o establecido no Regulamento para a convocatoria e bases que o regulen

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Convócase o Campamento de Nadal para a conciliación da vida laboral e familiar que se levará a cabo no Pavillón Municipal, durante o período non lectivo de Nadal, do 22 de decembro de 2025 ao 2 de xaneiro de 2026 ámbolos dous incluídos agás festivos, de luns a venres de 10.00 a 13.00 h.

SEGUNDO: O Campamento contará cun máximo de 25 prazas e 2 para menores en situación de NEEs.

TERCEIRO: As persoas destinatarias son as familias censadas en Corcubión con menores escolarizados entre o 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria (ata 10 anos) así como as familias dos e das menores que sen ser de Corcubión, forman parte do alumnado do CEIP Praia de Quenxe.

CUARTO: Ábrese un período de preinscrición para solicitude de praza dende o 1 ao 14 de decembro.

QUINTO: Para a organización e adxudicación de prazas, será de aplicación a Normativa municipal que regula a dita actividade e as presentes bases.

SEXTO: Unha vez adxudicadas as prazas seguindo a orde de prioridade establecida na antedita Normativa e só no caso de haber máis solicitudes que prazas, será de aplicación o seguinte baremo:

Criterio	Puntuación
Unidades familiares nas que amb@s proxenitor@s teñen horario laboral coincidente co horario do campamento	2
Familias monomarentais /monoparentais	2
Mulleres vítimas de violencia de xénero	2
U. familiares na que se dan situacións relacionadas cos coidados no entorno por parte da ou do proxenitor/a/or	2
Uso responsable das actividades de conciliación anteriormente convocadas polo Concello	1
Total	9 puntos

Aos efectos de aplicar o antedito baremo, xunto coa solicitude e só de ser o caso, presentárase:

- certificado colectivo de empadramento (as persoas empadroadas en Corcubión están exentas de presentalo).
- informe de traballadora social acreditativo da situación e coidados no entorno.
- A situación laboral acreditarase co informe de vida laboral ao que se acompañará dun certificado acreditativo de ter horario laboral coincidente sen permiso de vacións.

SÉTIMO: De continuar o empate, adxudicaranse as prazas por sorteo entre as familias afectadas

OITAVO: Publicar na Web do Concello, na Sede Municipal, dar traslado aos departamento afectados e ao Pleno da Corporación.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Francisco Javier Domínguez Traba en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).